


## 1.2 Disponibilidade de acceso á banda larga

Os datos máis recentes dos que se dispón para coñecer a dispoñibilidade de acceso á servizos de banda larga son os publicados polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en marzo de 2005, na Orde ITC/701/2005, de 17 de marzo. Segundo esa información, algo máis de dous millóns de galegos (concretamente, 2.031.749 habitantes, o 74% da poboación) teñen acceso a servizos de banda larga. En termos territoriais, unicamente cóbrese un 19% do territorio, deixando fóra da zona de cobertura ao 43% dos núcleos de poboación, o que equivale ao 26% restante da poboación.


As provincias con máis deficiencias neste aspecto son Lugo e Ourense, nas que as taxas de dispoñibilidade de ADSL acadan unicamente a un 56% e 59%, respectivamente, cubrindo apenas un 11% do territorio.

Poboación con acceso a servizo ADSL en Galiza



- Poboación con acceso a servizo ADSL
- Poboación sen acceso a servizo ADSL

Territorio con acceso a servizo ADSL en Galiza



- Territorio con acceso a servizo ADSL
- Territorio sen acceso a servizo ADSL

**Figura 12: Disponibilidade de conexión a ADSL en Galiza**


Fonte. Ministerio de Industria, Turismo y Comercio <sup>(3)</sup>

Como xa se indicou nun apartado anterior, as zonas con servizo de ADSL agrúpanse en torno ás principais cidades e ás vías de comunicacións máis importantes, cubrindo tódolos núcleos de máis de 2.000 habitantes. A Táboa 5 detalla os niveis de dispoñibilidade.

	Zonas algunha cobertura	Zonas ningunha cobertura	Concellos cobertura parcial	Concellos sen cobertura	Concellos sen cobertura total	Número de concellos	Concellos con cobertura total
A Coruña	321	595	84	10	94	94	0
Lugo	201	682	44	22	66	67	1
Ourense	153	590	43	49	92	92	0
Pontevedra	207	369	51	10	61	62	1
<b>Total</b>	<b>882</b>	<b>2236</b>	<b>222</b>	<b>91</b>	<b>313</b>	<b>315</b>	<b>2</b>

**Táboa 5: Disponibilidade de conexión ADSL en Galiza**  
 Fonte. Ministerio de Industria, Turismo y Comercio <sup>(3)</sup>

Segundo os datos do Ministerio, un 72% das zonas (territorios de extensión inferior á do concello) definidas en Galiza non teñen ningunha cobertura ADSL. 91 concellos galegos non teñen ningunha cobertura ADSL.




**Figura 13 Distribución da dispoñibilidade de conexión a ADSL en Galiza por provincias**  
 Fonte. Ministerio de Industria, Turismo y Comercio <sup>(3)</sup>

O Observatorio TIC publicou datos de dispoñibilidade de acceso a banda larga en Galiza no ano 2004, informacións que amosan uns índices de cobertura superior, pese a corresponderse con datos anteriores no tempo. Segundo o Observatorio, o 83% dos galegos tiñan nese ano acceso á banda larga, así como o 90% das empresas.

	Porcentaxe	V. Absoluto	Total
Habitantes	82,7%	2.262.655	2.737.370
Concellos	46,8%	147	314
Profesionais	85,9%	96.703	112.592
Empresas	89,9%	52.446	58.322


**Táboa 6: Dispoñibilidade de conexión a banda larga en Galiza**  
 Fonte. Observatorio TIC. Consellería de Innovación e Industria<sup>(5)</sup>

#### Dispoñibilidade da Banda Ancha



**Figura 14: Dispoñibilidade de conexión a banda larga en Galiza**  
 Fonte. Observatorio TIC. Consellería de Innovación e Industria<sup>(4)</sup>

Atendendo xa á información do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual, de setembro de 2004, na seguinte figura represéntanse todas aquelas zonas que non dispoñen de ningunha oferta de servizos de acceso a banda larga. Como se pode observar, gran cantidade de territorio galego (un 81% do total) e gran número de núcleos de poboación (un 43% do total) atópanse nesta zona mostra. De novo, o eixo en torno á autoestrada AP9 é a que amosa un maior nivel de dispoñibilidade.




**Figura 15 Zona sen Cobertura Banda Larga 2004**

Fonte. *Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual* <sup>(1)</sup>

Na mesma data de setembro de 2004, atendendo á distribución territorial dos operadores de comunicacións en Galicia, fíxose unha clasificación do territorio agrupados en tres tipos de zonas de actuación. Para a realización da dita segmentación tomouse como unidade de traballo a parroquia, por ser unha entidade de nivel inferior ao municipio que permite considerar unhas condicións homoxéneas dentro de cada unha delas. Estas tres zonas son as seguintes:


- > **Zona 0:** aquela na que se constatou a existencia de máis dun operador de banda larga. Esta zona considérase de rendibilidade económica alta e suficientemente cuberta.
- > **Zona 1:** aquela parte do territorio na que unicamente o operador dominante presta servizos de banda larga. Esta zona carece de alternativas de acceso, pero é considerada de rendibilidade económica media ao existir presenza dun operador que ofrece estes servizos.
- > **Zona 2:** esta zona completa o 100% da superficie galega, abarcando todas aquelas zonas que non dispoñen en setembro de 2004 de ningunha oferta de servizos de acceso a banda larga.

Na **Figura 16** represéntase a distribución de cada unha destas zonas.



**Figura 16: Clasificación de parroquias en zonas segundo accesibilidade á banda larga.**  
 Fonte. Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual<sup>(1)</sup>

Atendendo a esta clasificación, na Figura 16 representase a porcentaxe de poboación, vivendas, empresas e núcleos de poboación que están incluídos en cada unha destas zonas.




**Figura 17: Distribución de poboación, vivendas, empresas e núcleos de poboación en función das zonas de cobertura definidas.**

Fonte. Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual<sup>(1)</sup>

Por provincias a situación é máis acusada nas de Lugo e Ourense, nas que as porcentaxes de poboación con posibilidades de acceso a Banda larga son moito menores e a penas se alcanza ao 24% dos núcleos.

Por outra banda, convén subliñar que o 21% das empresas galegas non teñen acceso á Internet de banda larga, cifra que chega a acadar nas provincias de Lugo e Ourense o 36% e 29%, respectivamente.



**Figura 18: Distribución de poboación, vivendas, empresas e núcleos de poboación en función das zonas de cobertura definidas, por provincias.**

Fonte. Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual<sup>(1)</sup>